



## NOTA INFORMATIVA

### CONVOCATORIA PARA MUNICIPIOS ESPAÑOIS INICIATIVA "PONTES DE CONFIANZA" UNIÓN EUROPEA - UCRAÍNA

Outubro de 2022

#### 1.- Contexto

A invasión de Rusia a Ucraína en febreiro de 2022 determinou a aparición de múltiples iniciativas a nivel europeo, estatal, rexional e local co obxectivo de apoiar na recuperación e reconstrución de Ucraína.

A nivel rexional e local, unha das iniciativas máis recentes foi a creación da **Alianza Europea de Cidades e Rexións para a Reconstrución de Ucraína**. Esta iniciativa, impulsada o pasado 30 de xuño polo Comité Europeo das Rexións (CdR) co apoio de asociacións locais e rexionais da Unión Europea (UE) e de Ucraína, ten como obxectivo coordinar as accións conxuntas de cidades e rexións da Unión Europea dispostas a despreparar recursos para apoiar unha reconstrución eficaz e sustentable de Ucraína. A Xunta de Galicia adheriuse recentemente a esta Alianza, reafirmando así a súa posición de apoio a ese país.

De forma paralela e complementaria a estas iniciativas de apoio a Ucraína, dende 2018 vén executando o **Programa de Empoderamento, Responsabilidade e Desenvolvemento Local de Ucraína (U-LEAD con Europa - en inglés U-LEAD with Europe)**. Trátase dunha iniciativa que conta con múltiples doantes da Unión Europea e dalgúns dos seus estados membros (Alemaña, Suecia, Dinamarca, Polonia e Estonia). O programa busca apoiar ao Goberno ucraíno co fin de que poña en marcha unha reforma integral da súa organización administrativa co obxecto de empoderar e fortalecer aos municipios ucraínos. Ata hai pouco, U-LEAD era o maior programa da UE para Ucraína, con máis de 160 millóns de euros. Recentemente, tomouse a decisión de ampliar o **programa a municipios e cidades en España e Francia**.



Todas as iniciativas rexionais e locais de apoio á recuperación e reconstrución de Ucraína poñen en relevo a importancia do autogoberno local, a descentralización efectiva e o papel dos gobernos locais no proceso de recuperación.

## **2.- Convocatoria proxecto "Pontes de confianza" Unión Europea - Ucraína para municipalidades españolas**

A descentración administrativa a nivel rexional e local está pouco desenvolta en Ucraína. Debido á súa historia, os municipios de Ucraína contan con recursos moito máis modestos que os seus homólogos europeos, tanto a nivel de dotación de recursos humanos como orzamentarios.

O **programa U-LEAD** con Europa céntrase no apoio aos municipios ucraínos pequenos e medianos.

A invasión rusa do país interrompeu o programa U-LEAD, sen embargo, continúa vixente coas medidas de emerxencia e, sobre todo, co lanzamento da iniciativa "**Pontes de confianza**", que pretende crear vínculos de solidariedade e intercambio de experiencias coas cidades e/ou municipios da Unión Europea.

### ***Por que esta convocatoria?***

Dado que U-LEAD está xestionado por unha organización alemá no nome da UE, coa participación dos Estados Bálticos, Suecia, Alemaña, Polonia e Eslovenia, establecéronse as primeiras asociacións con estes países.

Con todo, **acábase de tomar a decisión de amplialo a cidades e/ou municipios españois e franceses**. No que incumbe á colaboración española, búscanse municipios e/ou cidades galegos dispostos a colaborar no programa.

Esta convocatoria é informal e o programa U-LEAD pretende identificar a 5 cidades e/ou municipios como entidades colaboradoras. Non se trata dun límite, pero, por razóns loxísticas, de momento prefiren traballar cun grupo reducido de municipalidades como proxecto piloto.

### ***Que tipo de municipalidades españolas/galegas buscan?***

Tendo en conta tanto o tamaño dos municipios ucráinos (xeralmente máis grandes que os españois) como os seus limitados recursos, **os municipios e/ou cidades obxectivo en España son aqueles de entre 10.000 e 150.000 habitantes**, cun nivel de experiencia suficiente para levar a cabo accións internacionais e coa vontade política de facelo.

### ***Que é o que buscan/necesitan as municipalidades ucráinas das cidades e municipios españois/galegos?***

Actualmente hai dous tipos de municipalidades ucráinas que solicitan asociacións:

- ✓ As da fronte e/ou as que sufriron danos de guerra, teñen necesidades urxentes (reconstrución, etc.) pero tamén esperan apoio moral
- ✓ As salvadas da destrución, que tamén teñen necesidades urxentes (gran número de refuxiados), pero que miran ao futuro e aos seus proxectos de desenvolvemento económico, turístico, cultural, social, etc.

En ambos os casos, os municipios ucráinos recibirán importantes fondos europeos e internacionais, sobre todo do programa da UE "Reconstruír Ucraína". Neste sentido, **as municipalidades ucráinas están moi interesadas en contar previamente coa experiencia da UE para a xestión de proxectos de financiamento**. Estas asociacións tamén poden constituír unha oportunidade única para as empresas europeas.

### **En que consiste a iniciativa “Pontes de Confianza”?**

- Unha vez que o ente local español, neste caso sería galego, manifestou o seu interese, pedímoslle que encha un formulario de identificación que nos permitirá atopar un socio



ucraíno grazas ás sucursais rexionais de U-LEAD en Ucraína, tendo en conta o tamaño, a xeografía e os principais activos económicos.

- Rapidamente propoñerase á cidade e/ou municipio galego un socio ucraíno, en forma de formulario de identificación, así como os temas nos que a municipalidade ucraína desexa intercambiar e cooperar (idealmente 3 como máximo ao principio).
- A continuación, o equipo de “Pontes de Confianza” axudará a establecer unha primeira videoconferencia entre os dous entes locais coa asistencia técnica necesaria (incluída a tradución, pero agradeceríase o coñecemento do inglés, polo menos para a persoa de contacto).
- Tras esta primeira toma de contacto, coa axuda do equipo de U-LEAD crearanse grupos de traballo virtuais para identificar e poñer en marcha accións concretas.
- Ao mesmo tempo, pódese asinar un protocolo de cooperación entre os dous entes rexionais e divulgalo aos medios de comunicación.

### Con quen contactar en caso de estar interesado?

Henri Malosse

Ex presidente do Comité Económico e Social Europeo (representante da CCI francesa)

Presidente do Comité Directivo da Asociación Jean Monnet

Experto superior

[henrimalosse@hotmail.com](mailto:henrimalosse@hotmail.com)

Teléfono: +33 (0) 6.12.24.37.54

Dzmitry Korbut (Reims)

Experto en U-Lead

[dzmitry.korbut@gmail.com](mailto:dzmitry.korbut@gmail.com)

Teléfono: + 33 (0) 7.45.71.05.37